


1. Observa e contesta.

a. Observa o gráfico e explica que sucede ca natalidade, ca mortalidade e co crecemento demográfico dende mediados do século XVIII.

Pódese observar que dende mediados do século XVIII houbo un importante crecemento demográfico debido ao descenso da mortalidade á vez que a natalidade seguiu sendo alta

1. MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN INGLESA



b. Enumera as principais razóns do descenso da mortalidade.

As epidemias de peste remitiron.

Mellorou a alimentación, o que fixo a poboación máis resistente as enfermidades.

Houbo progresos na hixiene: privada (uso do xabón....) e pública (melloras no abastecemento de auga potable e servizo de limpeza).

Mellorou a sanidade. Vacinas (varíola), novos hospitais...

c. Que dous tipos de emigración se deron? Explica.

- Éxodo rural: moitos campesiños partiron ás cidades en busca de traballo.


- Migracións transoceánicas: entre 1800 e 1924, 60 millóns de europeos emigraron a outros países: Australia, Canadá, Brasil. Arxentina e. sobre todo; Estados Unidos...

2. a. Observa e contesta.

Que outro nome recibe a rotación cuadrienal de cultivos? Sistema Norkfolk

Explica en que consiste e as súas consecuencias.

4. ROTACIÓN CUADRIENAL DE CULTIVOS



A terra dividíase en catro, en que se alternaban catro cultivos distintos. Por exemplo: trigo, nabos, cebada e trevo.

Deste xeito, cultivábase sempre sen esgotar a fertilidade da terra.

b) Indica outros cambios dos que tiveron lugar na revolución agraria.

- Transformáronse as estruturas agrarias.
- Reformouse a gandería.
- A produción do sector primario medrou no século XVIII.

3. Contesta.

a. Que é a revolución industrial? Cantas revolucións industriais houbo no século XIX?

Foi un conxunto de importantes transformacións económicas e sociais que se produciron como consecuencia da utilización masiva de máquinas nos procesos de produción.

Pódense diferenciar dúas fases: Primeira e segunda Revolución Industrial.

b. Que condicións se deron en Gran Bretaña que beneficiaron o crecemento económico e a revolución industrial?

- Existencia de amplos mercados.
- Aparición dunha nova mentalidade burguesa.
- Abundancia de xacementos de ferro e carbón.

c. Completa:

Comparación da 1ª e da 2ª revolución industrial		
Sectores máis importantes	A industria téxtil algodoeira A industria siderúrxica	A siderurxia mantívose o e as industrias química e eléctrica comezaron a despuntar
Fontes de enerxía	O carbón	O petróleo e a electricidade
Maquina o motor	Maquina de vapor	Motor de explosión
Medios de transporte	Ferrocarril Barco de vapor	Automóbil Comeza o avión
Países onde se produce	Destaca en Gran Bretaña	Alemaña e EEUU

4. Contesta.

a. Quen é James Watt? O descubridor da máquina de vapor, polo menos o que a patentou.

E Stephenson? Construíu moitas das primeiras locomotoras a vapor.

E Fulton? Fulton puxo en funcionamento a primeira liña comercial con barcos a vapor.

b. Indica os principais impactos económicos e sociais dos novos medios de transporte.

- Potenciaron o desenvolvemento da minaría, da metalurxia e da siderurxia.
- Desenvolveuse o comercio: reduciron os tempos e os custos de transporte.
- Impulsaron a especialización da economía mundial.
- Modificaron a vida cotiá. Permitiron mellorar a dieta e facilitaron a emigración.

c. Explica a relación do ferrocarril co desenvolvemento da industrialización.

O ferrocarril acelerou a industrialización nos lugares que atravesaba e potenciou:

- a minería, xa que aumentou a demanda de carbón.
- a siderurxia, pois a construción de vías esixía enormes cantidades de ferro.

5. Interpreta o mapa. Indica a relación entre a industria a minería e a rede de transportes.

Contesta.

No 1º mapa pódese observar que as rexións industriais coinciden, en xeral, cas zonas carboníferas e mineiras.

No 2º que esas zonas son ademais as de maior densidade de vías ferroviarias, o centro de Inglaterra (Liverpool, Manchester...), sur de Escocia (Glasgow) e sur de Gales (Cardiff)

6. Explica e completa.

a. En que consiste o Taylorismo?

- Dividía o proceso de produción en pequenas tarefas
- Cada obreiro especializábase nunha tarefa.

b. Explica o Fordismo.

- o traballo en cadea. Os produtos pasaban dun operario a outro a través dunha cadea de montaxe.
- produción en serie, a fabricación dun produto en grandes cantidades a partir de diversas pezas iguais deseñadas industrialmente.

b. Completa a táboa:

Formas de concentración empresarial	
Cártel	É unha asociación de empresas da mesma rama de actividade, que chegan a acordos.
Holding	É un conxunto de empresas controladas por unha delas, que é a propietaria da maior parte das súas accións.
Trust	É unha agrupación voluntaria de diferentes empresas para cubrir todas as fases da produción dun artigo, co fin de dominar o mercado ao eliminar a competencia.

7. Contesta.

a) Cales eran as características da nova sociedade industrial?

A igualdade xurídica: todos os homes eran xulgados polas mesmas leis.

Era profundamente desigual e había grandes diferenzas económicas.

b) Cal é a diferenza entre unha sociedade estamental e unha sociedade de clases?

As clases sociais diferéncianse pola súa capacidade económica e non polos seus privilexios, polo que se podía pasar de unha clase a outra facilmente.

Cales son as novas clases sociais protagonistas nesta sociedade de clases?

A burguesía non é nova pero si o seu papel como clase máis poderosa e que marcaba os valores predominantes.

O proletariado, formado por aqueles que só posuían a súa forza de traballo e a “vendían” a cambio dun salario, os obreiros.

c) Cal era a situación das mulleres na sociedade de clases?

As mulleres seguían subordinadas aos homes (pais ou maridos).

Cambiou moito con respecto a etapa anterior?

Practicamente non cambiou nada, quedaba excluída dos novos avances sociais como o dereito o voto.

8. Contesta.

a) Quen forman o proletariado? Por que se inician os movementos obreiros?

A concentración de obreiros nas fábricas fixolles tomar conciencia da súa dura situación laboral e intentaron melloralas.

b) Que é o ludismo?

É o primeiro movemento obreiro de reacción contra as malas condicións laborais, foron espontáneas e consistía na destrución de máquinas, ás que culpaban da súa situación.

E o cartismo?

É o primeiro movemento organizado con fins laborais e políticos. Logrou unha gran mobilización en Gran Bretaña, ao presentar ao Parlamento a Carta do Pobo.

Que son os “trade unions”?

Son os primeiros sindicatos que naceron en Gran Bretaña tras o recoñecemento do dereito de asociación (1824). O seu principal instrumento de presión era a folga.

Que reclamaban?

- melloras salariais,
- redución da xornada laboral,
- supresión do traballo infantil, etc.

9. Contesta.

a. A ideoloxía obreira.

- O **marxismo** ou **socialismo científico** debe o seu nome a un dos seus principais teóricos: Karl **Marx**. Xunto con Friedrich Engels.
 - Afirmaban que nas sociedades industriais existe unha **loita de clases** entre unha **burguesía** opresora e os **obreiros** oprimidos.
- Marx propoñía emprender unha **revolución** para destruír o capitalismo e dar o poder aos traballadores.
 - Tras unha fase de **ditadura do proletariado** na que o Estado regularía a sociedade, estableceríase unha sociedade **comunista**, sen clases sociais nin propiedade privada. O Estado entón **desaparecería**.
- O **anarquismo** tivo como ideólogos a Mikhail **Bakunin** e Piotr Prokhotkin.
 - Os anarquistas opoñíanse a calquera forma de Estado e aspiraban a substituílo por **asociacións voluntarias** entre as persoas.
 - Defendían a **colectivización da propiedade** e rexeitaban os **partidos políticos** e a participación nas eleccións.

d) Que son o socialismo/comunismo e o anarquismo?

Son dúas teorías políticas que buscaban un cambio social mediante a acción revolucionaria e a loita obreira.

Indica unha diferenza fundamental entre ambas ideoloxías. (o Estado)

- O comunismo propoñía emprender unha revolución e tras unha fase de ditadura do proletariado estableceríase unha sociedade comunista e o Estado desaparecería.
- O anarquismo opoñíanse a calquera forma de Estado e aspiraban a substituílo por asociacións voluntarias entre as persoas.

b. Que é a AIT?

É a Asociación Internacional de Traballadores, unha asociación de diferentes organizacións obreiras.

Que logros acadaron?

A redución da xornada laboral, a limitación do traballo infantil, dereito a vacacións pagadas...